

**ACTA DE APERTURA DO “SOBRE B” DENOMINADO CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. REFERENCIAS TÉCNICAS DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día trece de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**M. Isabel González Cancela**, Concelleira delegada de participación e atención veciñal e promoción económica.

**Vogais:**

**Concepción Vilas Cantelar**, Secretaria accidental do Concello de Ames.

**M. Carmen Castro Doldán**, Interventora accidental do Concello de Ames.

**Rogelio Pardo Martínez**, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames.

**Secretaria:**

**María Lara Pedrosa Rodríguez**, Auxiliar Administrativa do departamento de Contratación do Concello de Ames.

Atópase presente neste acto D. José Nogueira Suárez quen manifesta que acode na representación de Osventos innovación en Servizos, SL.

Na sesión da mesa de contratación celebrada o pasado 2 de xuño de 2017, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, das seguintes empresas que presentaron proposición:

1. Axóuxere deporte y animación S.L.
2. Campa formación e intervención socioeducativa, S.L.
3. Ibérica solucións formativas, S.L.
4. Osventos innovación en servizos, S.L.

Como resultado da valoración da documentación acordouse requirir a empresa Campa Formación e Intervención Socioeducativa SL., Declaración de porcentaxe de Sucontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do PCAP, para que no prazo de 3 días hábiles procedan a aportar a documentación da que adolece o Sobre A.

Aportada a documentación requirida en prazo por parte das empresas anteriormente citadas, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade a admisión de todos os licitadores que presentaron proposición, que son:

1. Axóuxere deporte y animación S.L.
2. Campa formación e intervención socioeducativa, S.L.
3. Ibérica solucións formativas, S.L.
4. Osventos innovación en servizos, S.L.

A continuación procédese á apertura dos sobres B denominados “*Criterios non avaliáveis de forma automática. Referencias técnicas*.” que conteñen as referencias técnicas dos licitadores.


Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, compróbase que as empresas admitidas presentan a documentación esixida de acordo co disposto nos pregos que rexen a contratación do servizo.

Tendo en conta o detallado no parágrafo anterior, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO:** Darlle traslado das ofertas técnicas presentadas polos licitadores ao departamento de informática para que, con carácter previo ao acto de apertura das ofertas económicas, procedan a súa valoración de acordo cos criterios establecidos no rpego de cláusulas administrativas particulares.

**SEGUNDO.-** Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no “Sobre B” do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos “Sobres C” que conteñen as ofertas económicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as catorce horas e dous minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

The image shows four handwritten signatures in black ink. The first signature is on the left, followed by a second signature, a third signature, and a fourth signature on the right. The signatures are stylized and cursive.